



CONVENIO DO CONCELLO DE REDONDELA COS HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES DE TEIS

En Redondela, 22 de novembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte o Alcalde do Ilmo. Concello de Redondela, Don Javier Bas Corugeira, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Ramón Batllé Tomás con DNI 40894035 N e enderezo na Avenida de Madrid 161 PR 0003, Barcelona, correo electrónico hmdlep@hermanosmisioneros.org que ostenta a representación para Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis con CIF R 3600319 B, con enderezo en Avenida de Galicia, 160, Vigo, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Concello de Redondela ten competencia en materia de prestación da protección da salubridade pública; na participación na xestión da atención primaria da saúde; así mesmo a prestación de servizos sociais; todo elo segundo establecen as disposicións transitorias primeira e segunda da lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e o artigo 3 e disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/13, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

SEGUNDO.- Que os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis, constituída coma unha entidade sen ánimo de lucro, ten como fin a mellora da calidade de vida de colectivos que presenten unha situación de desprotección especial. Para elo, realiza, entre outras, as seguintes actividades no ámbito territorial do termo municipal de Redondela que redundan en beneficio dos seus habitantes:

- ▲ Atención gratuíta a enfermas/os pobres e marxinadas/os sociais.

Que sendo os obxetivos sinalados de marcado interese público e social, é propósito de ámbalas dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo ós seguintes

ANTECEDENTES

Concello de Redondela



PRIMEIRO.- Que os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis presenta:

- a) Cumprimento dos requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Declaración de estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Declaración responsable respecto a a obriga contida no artigo 25 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.
- d) Declaración responsable de non ter solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total.

SEGUNDO.- Os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis veñen desenvolvendo ó longo destes anos actuacións relacionadas coas persoas referidas. Esta actividade vai redundar en beneficio da/os veciña/os de Redondela que van ter a oportunidade de beneficiarse de ditas actividades.

Debido ás características singulares e propias desta labor non é posible encadrar esta subvención dentro dun procedemento de concesión de subvencións de concorrencia.

En virtude do anteriormente exposto, o Concello de Redondela e os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis acordan subscribir un convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis están interesados en recibir un patrocínio por parte do Concello de Redondela co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a prestación das actividades que prestan aos grupos descritos. Patrocínio que se encadra dentro da xa extensa labor, dentro das súas posibilidades, que se realiza por parte do Concello no ámbito da prestación de servizos no ámbito dos servizos sociais e da sanidade.

SEGUNDA.- Que o Concello de Redondela está interesado en fomentar os servizos de carácter local prestados por entidades de iniciativa social, e apoiar o desenvolvemento de programas dirixidos a colectivos de persoas con especiais dificultades de inservión sociocomunitaria e en situación de desvantaxe social, todo elo dentro das competencias do lltmo. Concello de Redondela que se recollen na lexislación xa citada no primeiro expoñendo.

TERCEIRA._ Tal como se esblece no punto anterior, estando o Concello de Redondela interesado na promoción da devandita actividade de servizos sociais, e como se di na exposición segunda, tendo a realización das diversas actividades unha importante repercusión nun ámbito importante da veciñanza da vila. É por elo que se demostra deste xeito e interese social polo que o Concello de Redondela ven de decidir de asinar un convenio cos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis.

Así, no Orzamento aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 30 de decembro de 2015 (entrada en vigor o 15 de febreiro de 2016), recóllese aplicación orzamentaria 2311A/4800006 para o outorgamento da subvención. Con posterioridade e por Resolución de Alcaldía de data 22 de novembro de 2016, aprobouse outorgar unha subvención por importe de 1.500 € (MIL QUINIENTOS EUROS) a cal articularase,

Concello de Redondela



atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- Os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis comprométense a seguir realizando as actividades antes mencionadas, como ata agora o veñen facendo e en concreto a:

- a) Elevar o nivel de vida sanitario dos residentes e potenciar o seu nivel cívico e cultural.
- b) Comprométense a facer constar na publicidade realizada por calquera medio que as actividades e servizos que realice contan coa colaboración do Concello de Redondela.

QUINTA.- Así mesmo comprométese a cumprir coas obrigas dos beneficiarios establecidas na lexislación aplicable que se recollen como anexo deste convenio e en especial a a portar facturas ou documentos substitutivos de facturas, orixinais ou debidamente compulsadas, polo menos , polo importe de 1.500 € (MIL QUINIENTOS EUROS) co obxecto de verificar que a actividade desenvolveuse e que o importe concedido non supera o custe das actividades desenvolvidas. Así mesmo, a xustificación so se poderá referire a gastos realizados para sufragar o obxecto deste convenio e quse ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención , salvo nos casos dos pagamentos a conta. No caso de que ó finalizar o prazo para a xustificación, non se xustificara a totalidade da subvención procederase automaticamente á anulación da subvención polo non xustificado.

As facturas que se presenten para a xustificación deberán ser emitidas conforme ó establecido legalmente no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro. En caso contrario, a factura non contará para a xustificación. Con carácter xeral, a xustificación terá unha relación directa coas actividades subvencionadas. Os gastos xustificadas non poderán ter o carácter de investimento. No caso de que se presenten copias das facturas, aparte de que estas deberán estar debidamente compulsadas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura utilizouse para xustificar unha subvención.

En caso de que a xustificación se realice mediante documentos substitutivos de facturas deberá poñerse de manifesto as razóns polas que non se pode xustificar o gasto con facturas. A apreciación deste feito será realizada polo órgano que aprobe a xustificación. En caso de que non este conforme coa xustificación requirirá aos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis a a que presente outra xustificación de acordo co establecido na lexislación pertinente.

Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida , esta reducirase proporcionalmente á cantidade xustificada.

Os libramentos dos fondos realizarase a medida que se vaia xustificando o gasto.

O prazo máximo para a xustificación será o 10 de decembro.

Así mesmo, coa xustificación da subvención os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis deberá presentar:

Concello de Redondela



1. Memoria detallada da actividade realizada, en que consistiu, e o número de participantes na actividade.
2. Que as facturas se axustan á finalidade recollida no convenio.
3. Que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención.
4. Certificado de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Redondela.
5. Certificado de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
6. Que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.
7. Unha certificación de atoparse ó corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.
8. Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.
9. O gasto total que tivo que asumir a entidade beneficiaria.

Previamente á aprobación do gasto, a área de Servizos Sociais procederá á valoración de se, coa xustificación presentada polos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis se cumpre coa finalidade da subvención.

Por último os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis comprometése a non participar na concesión de subvencións que podería outorgar o lltmo. Concello de Redondela conforme ás Bases de subvencións aprobadas no seu día pola Alcaldía ou órgano competente mentres dure a vixencia deste convenio pola mesma actividade que se recolle neste documento.

SEXTA.- O Concello de Redondela responsabilízase de :

- ▲ Tramitar a xustificación que presenten no seu momento os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis.

SÉTIMA.- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas , ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado , nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as outorgadas polo Concello de Redondela. A sinatura do presente convenio suporá o recoñecemento por parte da representante dos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis de que o importe total das subvencións obtidas, incluída á que se refire este convenio, das diferentes Administracións Públicas, non supere o custe das actividades a desenvolver polo beneficiario.

Por outra banda, os Hermanos Misioneros de los enfermos pobres de Teis renuncian a participar de calquera outra axuda pública do Concello de Redondela aprobada dentro do ano 2016, con independencia do estado da tramitación da mesma.

OITAVA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- ▲ A Lei 38/2003, de 17 de novembro , Xeral de Subvencións.
- ▲ A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ▲ O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei 38/2003.

Concello de Redondela



- ▲ Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro , polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ▲ A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Redondela.
- ▲ As Bases de Execución do Orzamento do Itmo. Concello de Redondela.
- ▲ Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

NOVENA.- Os Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis queda expresamente comprometida/o e coñece todo o establecido nos títulos II, III e IVda Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ó reintegro de subvencións, contro financiero de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

DÉCIMA.- Este Convenio ten carácter administrativo.

Conforme co mesmo o firman as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

O Alcalde do Concello de Redondela

Asdo: Javier Bas Corugeira

O representante dos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres de Teis

Asdo: Ramón Batllé Tomás



Anexo ó convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.
2. Xustificar ante o Concello de Redondela, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requerida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicar ó Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.
5. Acreditar que está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimoitava da lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xúridico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
6. Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ó beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, ca mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Redondela.
9. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. Con carácter xeral deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Redondela.
11. As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Redondela. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e no seu caso, correspondentes ó período para o que esta foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

- a) Emisión á persoa ou entidade beneficiaria, con especificación do seu n.i.f.ou c.i.f., domicilio fiscal, localidade e código postal e o Departamento ou Servizo destinatario da prestación.
- b) Identificación completa do provedor ou contratista, especificando alomenos, en todo caso, a súa denominación, N.I.F. Ou C.I.F, domicilio fiscal, localidade e código postal.
- c) Número de factura.
- d) Lugar e data de emisión da factura.
- e) Descrición suficiente do subministro realizado ou do servizo prestado, con

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



detalle das unidades obxecto do servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o Valor Engadido.

f) Período que corresponda.